

Orientacións para o profesorado

INTRODUCCIÓN

Esta proposta céntrase na alimentación, a saúde e a educación como necesidades básicas ás que millóns de persoas no mundo non teñen acceso. Pártese de dúas ideas clave: a primeira, que tódolas persoas temos dereito a ter cubertas estas necesidades. E a segunda, que, aínda que sexa un dereito universal, a distribución inxusta dos recursos impide o cumprimento destes.

OBXECTIVOS

1. Coñecer que unha grande parte da poboación mundial, especialmente a que vive nos países pobres, non ten cubertas necesidades básicas como a alimentación, a saúde e a educación.
2. Identificar algunhas desigualdades entre países ricos e países pobres.
3. Analiza-las causas e as consecuencias, tanto a nivel persoal como colectivo, que se poden derivar de non ter cubertas as necesidades básicas.
4. Buscar alternativas para resolve-lo problema da desigualdade a escala mundial e posibles accións para contribuír a elimina-las súas causas.
5. Reflexionar e manter actitudes de participación e implicación persoal en actividades que poidan axudar a mellorar directa ou indirectamente as condicións indignas en que viven as persoas dos países pobres.

CONTIDOS

Valores, actitudes e normas

Relativización das necesidades básicas dos países ricos.
Actitude crítica e de rexeitamento cara a situacións de inxustiza.
Valoración das opinións e sentimentos das persoas.
Respecto.
Cooperación.
Participación.
Interese pola resolución dos problemas de forma xusta.

Feitos, conceptos e sistemas

Situacións que demostran que unha gran parte da poboación non ten cubertas as necesidades básicas.
Dereitos Humanos que se refieren á alimentación, á saúde e á educación.
Alguns países nos que a poboación non ten cubertas as necesidades básicas e continente ó que pertencen.
Indicadores que demostran que as necesidades básicas sobre alimentación, saúde e educación non se cubren por igual en todo o mundo.
Causas e consecuencias, a nivel individual e colectivo, de non ter cubertas as necesidades de alimentación, saúde e educación.

Procedementos

Lectura e análise de textos.
Lectura e interpretación de datos estatísticos.
Lectura de gráficos.
Análise de imaxes.
Debate e argumentación.
Diferenciación entre causa e consecuencia.
Redacción de documentos.
Reflexión e comparación de experiencias.

TEMPORALIZACIÓN

4 sesións clase. Esta proposta pode se-lo punto de inicio para outras actividades máis globais, como por exemplo xornadas ou semanas monográficas sobre os temas presentados, ampliación dalgún dos temas dos libros de texto ou ben para desenvolver actividades interdisciplinares por ciclos tomando como tema central ou centro de interese esta proposta.

ACTIVIDADES DE APRENDIZAXE

A MIÑA OPINIÓN É QUE...

Obxectivo: Motivar sobre o tema e facer emerxe-las ideas previas.

Descrición: Observación das fotografías da portada referidas a lugares ou situacións onde as necesidades de alimentación, saúde e educación están cubertas e a outros onde non o están. Aportación de opinións sobre o que observan e sobre outras cuestións, como as posibles causas e consecuencias para persoas e países.

Orientacións: A intención é provocar un debate xenérico no que os alumnos e alumnas opinen sobre as cuestións centrais que tratarán posteriormente (as situacións, as causas, as consecuencias e as posibles solucións). Sería oportuno que o profesor ou profesora incidise nas opinións sobre as posibles causas e consecuencias e centrase o debate en preguntas como: ¿cales poden se-las causas de que a poboación non teña cubertas estas necesidades?, ¿que consecuencias pode ter esta situación para as persoas afectadas?, ¿que consecuencias poden ter para as cidades ou países onde viven estas persoas?

Deberíase valora-la incidencia do problema nos países pobres e nos países ricos e remarca-las diferencias. Sería útil recoller nun documento, recuperable despois, as opinións do grupo clase.

TÓDOLAS PERSOAS NON TEÑEN AS NECESIDADES BÁSICAS CUBERTAS

Obxectivo: Identificar algunhas das desigualdades na cobertura das necesidades básicas no ámbito mundial.

Descrición: Lectura dun texto e diferenciación, con cores, das ideas principais que responden ás dúas preguntas centrais que se formulan.

Orientacións: Aínda que as dúas preguntas básicas non o recollen, o profesor ou profesora debería incidir na idea da globalización da pobreza e da riqueza, é dicir, que hai pobres e ricos tanto nos países menos desenvolvidos como nos máis desenvolvidos. Pódese suxerir que se recolla material fotográfico sobre o tema (pódese utilizar con posterioridade). O resultado do traballo individualponse en común. É importante que ó final da sesión as ideas básicas queden claras e definidas.

¿COMO TE SENTIRÍAS TI SE FÓSE-LO PROTAGONISTA?

Obxectivos: Analizar diferentes casos particulares de persoas que non teñen cubertas as necesidades básicas e intentar contrastalos coas situacións que vive aquí o alumnado. Relativiza-lo que se considera como necesidades básicas nos países ricos.

Descrición: Lectura de textos e identificación do tipo de necesidades que non teñen cubertas as persoas presentadas en cada caso. Reflexión sobre o contraste coa vida dos alumnos nos países ricos e as posibles sensacións do alumnado se vivisen nas condicións que se presentan.

Orientacións: Deberíase potencia-la empatía a partir da análise e comparación coas necesidades que teñen cubertas os alumnos e alumnas nos países ricos. É interesante que o alumnado estableza unha prioridade no que considera como necesidades básicas na súa vida cotiá.

ALGÚNS DATOS PARA PENSAR

Obxectivo: Identifica-las desigualdades que existen entre os países ricos e os países pobres no referente ás necesidades básicas que a poboación ten cubertas.

Descrición: Observación de datos estatísticos que recollan as desigualdades que se dan na cobertura dalgunhas necesidades básicas. Reflexión sobre a eliminación da desigualdade que se considera máis urxente.

Orientacións: Esta actividade debería realizarse de forma individual ou en grupo pequeno. Logo podería seguir unha posta en común.

ALGÚNS GRÁFICOS PARA ANALIZAR

Obxectivo: Contrasta-las desigualdades co que proclaman algúns artigos da Declaración dos Dereitos Humanos.

Descrición: Agrupación dos diferentes países segundo o continente ó que pertencen. Lectura de fragmentos de dous artigos da Declaración dos Dereitos Humanos e asociación a cada un deles da información estatística e gráfica que demostra que estes dereitos non se cumpren.

Orientacións: O profesor ou profesora debería remarca-la dimensión colectiva do problema. Esta actividade permite presentar actividades e problemas de matemáticas.

CAUSAS

Obxectivo: Identificar algunha causa da falta de cobertura das necesidades básicas nos países pobres.

Descrición: Lectura dun texto e subliñado das causas con cores diferentes, segundo a necesidade básica á que se refiren.

Orientacións: Posiblemente, o profesor deberá axudar a clarifica-la noción de causa e quizáis tamén teña que explicar e desenvolver algunha das que aparecen no texto.

CONSECUENCIAS PARA AS PERSOAS

Obxectivo: Identificar algunhas das consecuencias que poden experimenta-las persoas que non teñen cubertas as necesidades básicas de alimentación, saúde e educación.

Descrición: Lectura dun texto e selección da consecuencia que se considera máis grave (con máis implicacións) para as persoas.

Orientacións: Posiblemente, o profesor ou profesora deberá explicar ou desenvolver algunhas das consecuencias con exemplos do contexto dos alumnos. Sería clarificador que os alumnos e alumnas reflexionaran sobre o grao en que viven estas consecuencias na súa vida cotiá.

CONSECUENCIAS PARA O PAÍS

Obxectivo: Identificar algunhas das consecuencias que pode supoñer para o país o feito de que a poboación non teña cubertas as necesidades básicas.

Descrición: Choiva de ideas sobre as posibles consecuencias para o país e comparación cun cadro de síntese onde deben indica-las consecuencias que xa mencionaran e o tipo de necesidade ou necesidades non cubertas do que se deriva.

Orientacións: Coas ideas achegadas pola clase pódese realizar un listado. A continuación, o traballo de comparación podería ser individual ou nun grupo pequeno. Debería intentar relativiza-la perspectiva subxectiva e individualista dos problemas e incidir nas implicacións colectivas e centra-la atención en observar cómo os contextos onde viven as persoas condicionan as súas vidas e, polo tanto, porque é importante cambialos.

SIMULEMOS QUE...

Obxectivo: Reflexionar sobre posibles accións que poden realiza-los distintos poderes económicos e políticos dos diferentes países.

Descrición: Xogo de simulación no que a clase se divide en dúas comisións de expertos, unha que representa ós países pobres e outra, ós países ricos. O seu cometido consiste en pensa-lo que se podería facer desde os países. Exposición de conclusións, debate e redacción de documentos.

Orientacións: Trátase de que os alumnos e alumnas pensen formas alternativas de resolución de problemas. É importante potencia-lo diálogo e a argumentación.

¿QUE APRENDÍN?

Obxectivo: Sintetiza-las ideas básicas das aprendizaxes realizadas e reflexionar sobre o proceso seguido.

Descrición: Encher un cadro coas ideas básicas sobre o que consideran que aprenderon, con qué actividades ou en qué momento cren que o fixeron.

Orientacións: Este cadro pode servir como material para realiza-la seguinte actividade. É importante que cada alumno e alumna fíxese a súa reflexión persoal. Coas aportacións de todos pódese realizar un mural. Tamén se podería converter nun mapa conceptual e contrastalo coas opinións que se deron na actividade inicial.

E NÓS CÓMO PODEMOS AXUDAR


Obxectivo: Reflexionar e potenciar actitudes de implicación persoal. Aplica-los coñecementos adquiridos.

Descrición: En pequenos grupos, achegar posibles ideas de accións individuais ou como grupo clase, que poidan axudar a mellorar ou elimina-las condicións de vida indignas en que viven millóns de persoas. Tamén consiste en levar a cabo algunhas destas accións.

Orientacións: Deberíase destaca-la importancia das accións persoais e a súa capacidade de incidir no ámbito colectivo (difusión de ideas, aportacións a colectivos, exposicións, escritos, voluntariado, etc...) Remarcar que se pode influír con achegas ou accións directas nos lugares afectados, ou de forma indirecta mediante a difusión de ideas, a concienciación sobre as situacións de inxustiza, etc.

1º Ciclo de Secundaria

TODOS TEMOS DEREITO A



© Internón Oxfam



© Internón Oxfam



© Tomás Abella - Internón Oxfam

PERO MILLÓNS DE PERSOAS VIVEN NOUTRAS CONDICIÓNS



© Internón Oxfam



© M. Aguavives - Internón Oxfam



© Tomás Abella - Internón Oxfam

Autor: José Palos



TÓDOLAS PERSOAS **NON** TEÑEN AS NECESIDADES BÁSICAS CUBERTAS

Le este texto e subliña en cores os datos que confirmen a frase anterior

A pobreza, é dicir, a consecuencia de que a riqueza estea repartida de forma desigual, é o principal impedimento para que tódolas persoas teñan cubertas as necesidades básicas, como a alimentación, a saúde e a educación. Así o expresa a Declaración dos Dereitos Humanos. Dise que as diferencias entre os países ricos e os pobres cada vez son maiores cando, en realidade, os avances tecnolóxicos e a boa vontade dos máis ricos poderían acurtar estas diferencias. Segundo datos da ONU hai ó redor de 800 millóns de persoas mal alimentadas, 250 millóns de nenos utilízanse como man de obra infantil, ó redor de 1.000 millóns de persoas adultas son analfabetas e 1.000 millóns de persoas non teñen acceso á auga potable. A pesar de que hai persoas moi ricas nos países pobres e moitas persoas pobres nos países ricos, a maioría dos habitantes que non gozan dunhas condicións de vida digna viven nos países máis pobres.

¿Cal é o principal impedimento para que tódolas persoas teñan cubertas as súas necesidades básicas?

¿COMO TE SENTIRÍAS SE FÓSE-LO PROTAGONISTA?

¿Que cousas das que agora tes xa non che parecerían tan importantes?

© Jenny Matthews



Son o único da miña familia que vai á escola

Teño 11 anos e a miña familia é moi numerosa. De tódolos meus irmáns e irmás, eu son o único que vou á escola. O resto non vai nunca, teñen que traballar picando pedra. Cando vou ó colexio, que é un barracón con pupitres moi vellos, teño que andar máis de dúas horas. Na escola aprendo moito e pásoo ben, porque estamos todos xuntos, pequenos e maiores. Ás veces, o mestre non vén porque se pon enfermo. Algúns dinnos que é porque lle pagan moi pouco.

Temos poucos medicamentos

Eu vivo nunha casa de barro e palla, sen auga corrente nin luz eléctrica. Non temos sumidoiros. Nas épocas de calor, hai moitos mosquitos e, ás veces, cando nos pican pódennos transmitir unha enfermidade moi perigosa que se chama paludismo. Como non temos diñeiro para comprar medicamentos a miña tía morreu hai uns meses. Ás veces enfermamos ó bebe-la auga que collemos das fontes ou regatos. O hospital ou o médico quedan moi lonxe e, con frecuencia, curámonos con medicamentos feitos con herbas.



© Intermón Oxfam

© Geoff Sayer / Oxfam



Case sempre comémo-lo mesmo

Na miña familia, todos traballamos moitas horas na plantación de café. Ó final do día acabamos moi cansos porque a tarefa é dura, case sempre vai moita calor e a comida non é moi abundante. Comemos millo, algunhas verduras, plátanos... Ás veces nas festas comemos carne de ave ou dalgún animal que cazaron e que está riquísima. Pero nas épocas de mala colleita ou cando pagan moi mal o café, imos recoller plantas e raíces comestibles para poder subsistir.

ALGÚNS DATOS PARA PENSAR

Discutide entre todos cáles destas diferencias deberían erradicarse con maior urxencia





	Países máis ricos	Países máis pobres
Médicos por cada 10.000 habitantes	25	7
Mortalidade infantil de -1 ano por cada 1.000 nados	6	72
Persoas adultas de + 15 anos analfabetas de cada 100	1	31
Poboación con acceso á auga potable de cada 100	100	70

Estas cifras son xerais para tódolos países xuntos, pero non quere dicir que tódolos países por separado teñan a mesma mortalidade ou a mesma cantidade de médicos por 10.000 habitantes.

ALGÚNS GRÁFICOS PARA ANALIZAR

Busca a qué continente pertence cada un destes países e agrúpaos por continentes

¿Que caso che chama máis a atención? ¿Por que?



Estes textos foron entresacados de artigos sobre os Dereitos Humanos. Indica a gráfica que demostra qué dereito non se cumpre.

Texto dos Dereitos Humanos.	Título do gráfico que demostra que non se cumpren en tódolos países.
Art. 25. Toda persoa ten dereito... a que se lle asegure, así como á súa familia, a saúde e o benestar e en especial a alimentación... a asistencia médica e os servizos sociais necesarios.	
Art. 26. Toda persoa ten dereito á educación. A instrucción elemental será obrigatoria.	

CAUSAS


Le este texto e subliña cunha cor diferente as causas de:

a falta de alimentos

- a falta de servizos de saúde ou a imposibilidade de acceder a eles.
- a falta de acceso á educación básica.
- outras causas.

As causas de que os países pobres non teñan estas necesidades básicas cubertas son difíciles de resumir en poucas liñas. En xeral, podemos dicir que ten que ver coa falta de recursos, imposibilidade de investir na produción agrícola ou na formación de médicos e construción de hospitais ou escolas. Como non hai hospitais, nin médicos nin escolas suficientes, non todos poden acceder ós servizos de saúde básica, nin tódolos nenos e nenas poden estar escolarizados. Outras veces a causa relaciónase co feito de que os campesiños non poden decidir sobre os prezos das sementes nin dos alimentos que producen e polo tanto os beneficios que sacan da agricultura son moi poucos.

Parece estraño e inexplicable que non se invista suficientemente nestas necesidades básicas cando, por outro lado, se gastan fortunas en armas ou en publicidade.



A vida de tódolas persoas aínda non ten o mesmo valor

CONSECUENCIAS PARA AS PERSOAS

Le o texto e escribe a consecuencia que consideres máis grave para as persoas

Se unha persoa non ten alimentos suficientes, ten moitas posibilidades de caer enferma, de medrar con problemas de saúde, de ter dificultades para render no traballo ou o estudo e, posiblemente, de verse obrigado a busca-la comida de calquera xeito. Se as persoas non poden acceder ós servizos de saúde, aumentan as posibilidades de caer enfermas e de que as enfermidades se agraven e teñan maiores dificultades para desenvolver un traballo. Polo tanto, aportaranlle menos recursos á familia e, en xeral, o seu futuro será pouco esperanzador. Se as persoas non teñen acceso á educación básica, limítanse as súas posibilidades de desenvolvemento no mundo laboral e de participación nas organizacións sociais.

Por non ter unha alimentación suficiente:

Por non ter acceso ós servizos de saúde:

Por non ter unha educación básica:

CONSECUENCIAS PARA O PAÍS

¿Que consecuencias credes que pode ter para un país o feito de que a súa poboación non teña cubertas as necesidades básicas de alimentación, saúde e educación? Facede unha lista coas opinións da clase.

Do listado de consecuencias que aparecen neste cadro debes indica-las que coinciden coas vosas opinións e a qué necesidade básica se refiren. (alimentación=1; saúde=2; educación=3)

Consecuencias para o país	Saíra (Si/Non)	Necesidade non cuberta
Terá unha poboación mal nutrida		
Deberá comprarlle alimentos a outros países		
Aumentarán as enfermidades e/ou epidemias		
Necesitará máis médicos e medicamentos		
Aumentará a mortalidade		
Terá menor capacidade de produción		
Verase en dificultades para aplica-los novos avances tecnolóxicos		
Terá dificultades para incorporarse ó desenvolvemento da economía mundial		
Estará limitada para busca-las súas propias saídas económicas		
Os seus cidadáns terán limitacións para participar na construción dunha sociedade democrática		
Posiblemente aumentarán as situacións de violencia, os roubos, a explotación infantil, os conflitos bélicos internos e o control policial		
Terá máis posibilidades de ser gobernado por dictadores		
Aumentará o gasto en armas		
A súa poboación emigrará cara a lugares onde haxa alimentos, traballo, seguridade e liberdade		

SIMULEMOS QUE...

Imos pensar qué cousas se poderían facer nos países ricos e nos pobres para cambiar esta situación. Podedes utiliza-la información da actividade anterior

Simulemos que a metade da clase é un equipo de expertos dos países máis ricos e a outra metade un equipo de expertos dos países máis pobres. Cada grupo reunirse por separado e pensará as cousas que se poderían facer implicando a todo o mundo, pero especialmente ós que teñen máis poder. Cada grupo redactará un documento coas súas propostas e exporallo ó outro equipo coa intención de establecer un debate. Algunhas propostas posiblemente serán opostas ás do outro grupo pero trátase de dialogar, dado que o obxectivo dos dous grupos é o mesmo. Finalmente, un ou dos representantes de cada equipo redactarán un documento conxunto.



¿QUE APRENDÍN?

Redacta algunhas frases que recollan o que aprendiches e en qué actividades o descubriches

APRENDÍN QUE...	APRENDINO FACENDO...